

ENCONTROS DE NETWORKING DA ECONOMÍA SOCIAL Espazo de encontro para a intercooperación			
DATA	26 de setembro de 2017	DURACIÓN	2 horas
HORARIO	Inicio: 09:30 h Finalización: 11:30 h		
LUGAR CELEBRACIÓN	Entidade da Rede Eusumo. Confederación de empresas de A Coruña (CEC) sede Santiago de Compostela. Rúa Eduardo Pondal, 8-baixo. Santiago de Compostela		
Persoa de contacto	Mar Pernas	Tfno: 981 575 578	Correo-e: mar@espazo.coop
OBXECTIVOS			
<ul style="list-style-type: none"> • Reforzar o coñecemento e o contacto entre as cooperativas e entidades asistentes, co fin de que poidan concretar e identificar colaboración e traballos compartidos en procesos de convocatorias e concursos públicos e privados, para a prestación de servizos. • Compartir experiencia e prácticas que lle podan servir ás outras entidades. • Dinamizar procesos de intercooperación sectorial. 			
PROGRAMA			
9:00h. - Recepción e control de asistencia 9:30h. - Aspectos de interese das convocatorias nas que participa Espazocoop (FSE-Poises, POCTEP-Laces) e protocolo de contratación de servizos da entidade. - Convocatorias de acceso directo e creación de redes colaborativas (FSE-Poises, programa de intercooperación e integración empresarial, xestión da Rede Eusumo, sectoriais ou grupos de traballo no marco de Espazocoop) 10:00h. - Dinamización de procesos colaborativos: Que servizo oferto? Que servizo preciso? Que actuacións propoño? - lembramos as propostas recollidas na primeira sesión - priorizamos nas que nos interesa participar - analizamos e avaliamos as máis puntuadas, de cara a seguir traballando nelas 11:00h. - Avaliación da sesión e do programa de Networkings cooperativos			
METODOLOXÍA			
As xornadas de networking desenvólvense cunha metodoloxía activa e participativa, que facilita o interese, a atención e o intercambio entre as persoas asistentes. O encontro enmárcase nun "almorzo cooperativo", polo que estará servido un pequeno almorzo de produtos de comercio xusto, para as persoas asistentes Trala realización do encontro enviarase unha pequena enquisa de avaliación na que tamén se recollerán outras propostas de intercooperación. As propostas de colaboracións e intercooperación teranse en conta para a posta en marcha de actuacións e servizos, ben sexa sectorial ou transversal segundo o interese das cooperativas participantes, desde a Unión de Cooperativas Espazocop.			
DIRIXIDO A			
Socios e socias, persoal directivo e técnico das cooperativas, sociedades laborais e outras entidades de economía social que desenvolven actividade no sector de consultoría, asesoría e formación a empresas e emprendedores/as.			